

BANDOLEIROS NA COMARCA DO EUME

Carmen Otero Roberes
Manuel Domínguez Ferro

Galicia vive nas primeiras décadas do século XIX unha aguda tensión social, que favoreceu a actividade de numerosas gavelas de bandoleiros. O Arquivo municipal de Pontedeume conserva un documento datado en 1823¹ que describe o que foi unha práctica delictiva habitual na Galicia do século XIX. Da frecuencia e gravidade destas accións achamos eco na prensa e nos escritos das autoridades locais:

*“En los años 10 y 11 (numerosas gavelas) espantaron no pequena parte de la población con sus atrocidades, violentos robos, crueles y sacrílegas muertes dadas con los trabucos y carabinas de que solían armarse a personas de ambos sexos y estados. Esta inhumana milicia era compuesta de crecido número de individuos, hombres y mujeres, unos ejecutores, otros receptadores y alcahuetes, capitaneados de los más valerosos y atroces, cuyos motes adquiridos por sus hazañas por sí solos causan espanto: el Tigre, el Fiero, el Fibillas, el Pirillas, el Demo vivo, y así otros...”*²

Foi a Guerra da Independencia o caldo de cultivo que xerou a práctica bandoleira. Neste ambiente de violencia, desorde e tensión xéstase o bandoleirismo decimonónico. Á situación de crise política permanente, coa lenta implantación do réxime liberal como pano de fondo, ó lastre que supoñen unhas estruturas productivas, herdadas do Antigo Réxime, que manteñen a agricultura nun estado de grave estancamento, e á sólida posición na que aínda se atopan as clases rendistas tradicionais –fidalguía e clero- véñense a engadir as dificultades da postguerra, o peso dunha gravosa fiscalidade –os temidos trabucos- a inseguridade creada pola acción das partidas realistas e as crises de subsistencia que percorren todo o século. Das dificultades polas que pasa o campesiñado galego dan boa proba os ocasionais estoupidos de cólera popular, as frecuentes negativas a pagar décimos, rendas señoriais, foros e arrendamentos, a emigración estacional a Castela con motivo das segas, ou a Portugal –fenómeno precursor das grandes ondas migratorias na segunda metade do século- ou o preito que chega a converterse nun recurso habitual dos labregos.

1. Arquivo municipal de Pontedeume, Sección Causas e querelas criminais (1780-1870).

2. SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa María: *Apuntes y documentos para una Hª de Galicia en el S. XIX*, Deputación da Coruña 1.977.

O empeoramento das condicións de vida provoca un aumento da marxinalidade³ entre os grupos rurais máis desfavorecidos –caseiros, caseteiros- e nos oficios nos que o traballo fluctúa ó ritmo da conxuntura económica (canteiros, albaneis, xastres, taberneiros). Destes sectores proceden a maioría dos membros que integran as gavelas, que devastan, con periódica regularidade, tanto as facendas dos máis podentes –casas grandes e rectorais- como as casas dos labregos máis ricos. Na segunda metade do século diminúe considerablemente a actividade das gavelas debido á estabilidade do réxime liberal, á maior eficacia na represión da criminalidade –creación da Garda Civil- e ó conxunto de reformas administrativas e xudiciais que rematan coas antigas estruturas de poder local.

Os estudos da profesora López Morán⁴ amosan un bandoleirismo afastado do modelo clásico andaluz, onde o bandido é unha figura heroica, xenerosa e admirada pola comunidade. Aínda que nos dous é difícil rastrexar unha clara motivación política, no caso andaluz é posible atopar similitudes co que Hobsbawm denomina “bandoleirismo social”, referíndose a formas primitivas de revoltas campesiñas. O bandoleiro galego non fai distinción de clase entre as súas vítimas, pero tampouco se libran as casas dos máis humildes, que tiñan menos medios para defender os seus escasos bens. Non existe complicidade entre o bandoleiro e a sociedade campesiña da que provén. É este un bandoleirismo innominado, que a penas deixa lembranza de certos nomes na memoria popular, excepción feita do “Sopiñas”, da gavela de Ferrol, ou de Manuel Balseiro, capitán da gavela de Ortigueira, ó que cita Baroja en *La casa del crimen*, ou de Mamed Casanova, o derradeiro bandoleiro galego, que Valle-Inclán retratou con simpatía. A violencia xusticeira do bandoleirismo andaluz convértese en gratuíta e brutal no caso galego; non é infrecuente a ritualización da matanza do porco ou as torturas sexuais. O bandido é, por tanto, unha figura odiada e os seus latrocinios espertan a solidariedade dunha comunidade que condena sobre todo os delitos que atentan contra a propiedade.

No primeiro tercio do século XIX rexístrase na comarca do Eume unha intensa actividade bandoleira. Alomenos son tres as gavelas que protagonizan varios roubos e asaltos durante o período⁵. Unha destas, composta por 32 bandidos, estendeu a súas accións por Xubia, Moeche, As Pontes e Caaveiro. Estivo dirixida primeiro por Luis Prieto, morto en 1826 nun encontro cunha tropa de voluntarios realistas; despois foi capitaneada por un desertor do exército, Gregorio Rodríguez, a quen lle aplicaron a lei de fugas. Outra gavela operou nas proximidades de Pontedeume, onde se adicou a asaltar as rectorais de Espiñaredo (1823), Cabalar (1824) –o seu párroco foi torturado- A Capela (1824) e a igrexa de San Martín de Goente (1820). A terceira tivo por centro As Pontes. A maioría dos seus membros foron encarcerados: Antonio San Esteban, alias “Moreno”, José Palma, Luis Antonio Ferro e o seu fillo Manuel, Vicente Ferreiro e Pedro Castelo

3. DE JUANA LÓPEZ, J. e PRADA RODRÍGUEZ, X.: Ed. Vía Láctea, 1.996.

4. LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego*, Ed. Xerais, Vigo.

5. LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego en la primera mitad del S.XIX*, Edicións do Castro, Sada.




Rexistro de asaltos de bandoleiros na Comarca do Eume entre os anos 1820-1830.

Toxeiro. Cometían os seus delictos no Freixo, onde asaltaron a casa do crego D. Juan de Roca y Pardiñas (1824), e Monfero, onde roubaron a un comerciante maragato.

Aínda que os obxectivos son variados abundan os roubos ás rectorais. Nestes casos era de esperar unha maior resistencia. Precisamente a finais de século, o arcebispo de Santiago solicitaba ó gobernador da Coruña que permitise ós párrocos o emprego de armas de fogo por atoparse “*expuestos a la codicia de los malhechores por causa de los fondos y alhajas que custodian*”⁶. Ademais da presenza da servidume, as rectorais presentan un aspecto de auténticas casas fortes, con grosos muros e portas, e mesmo algunhas dispoñen de troneiras no primeiro andar –é o caso da rectoral do Freixo-. Pero, como xa dixemos, as casas dos labregos tamén son obxecto da cobiza das gavelas. Como exemplo temos o caso do asalto a dúas casas de Insua ó que se refire o documento que xa foi mencionado.

6. SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa M^a: *Apuntes y documentos para una H^a de Galicia en el S.XIX*, Deputación da Coruña, 1.977.



Documento que narra o asalto ás casas da Insua.

O expediente consta de 36... follas que narran o proceso aberto a raíz da denuncia que presenta perante o alcalde pedáneo de San Xoán do Freixo, no concello das Pontes, pertencente daquela ó distrito xudicial de Pontedeume, Juan Gómez, veciño do lugar de Insua, parroquia do Freixo, polo asalto sufrido ás casas do dito lugar a mans dunha gavela de bandoleiros na noite do 7 de abril de 1823. Nos días sucesivos, recollidas as declaracións ás testemuñas, as autoridades locais remiten o oficio ó xuíz de Pontedeume.

O lugar de Insua é un pequeno casarío, na actualidade abandonado, que se atopa nas estribacións meridionais da Serra da Faladoira, no camiño que dende As Pontes se dirixe cara a Ortigueira, zona que polo seu illamento e accidentada orografía reunía as condicións propicias para a acción das gavelas; as cales contaban ademais con redes de confidentes que lles informaban dos obxectivos máis atractivos. Receptadores e alcaïotes, moitos deles mulleres, encargáranse de vende-lo botín nas feiras e mercados.

Pasamos a continuación a relatar os feitos dos que fala o documento e nos que tan ben vemos reflectidos os trazos deste singular bandoleirismo. Entre as 11 e as 12 horas da noite –a noite é o momento máis frecuentemente elixido polas gavelas para realizar os roubos- estando na cama os veciños, oíron ladrar ós cans, e unha cuadrilla formada por sete u oito homes, cos rostros tisonados, entraron violentamente na casa da viúva Vicenta Fernández (“*a oscuras y a manera de facinerosos*”), portando pistolas, coitelos e unha fouce de mango longo; golpearon e acoitelaron a dous dos seus fillos –Antonio, que resultou severamente ferido (“*aunque ciego le dieron muchos palos y le hicieron en la cabeza cuatro heridas mortales*”), e Pedro Nobo-. Despois de atarlles as mans, os bandoleiros esixiron á viúva que lles entregase as onzas e os obxectos de valor. As dúas fillas, Tomasa e Andrea, tentaron fuxir pero unha delas foi capturada e agredida; a outra conseguiu zafarse e correu a pedir axuda ás aldeas máis próximas. Unha vez baleiradas as arcas, onde a familia gardaba os utensilios domésticos e algúns alimentos, a gavela dirixiuse á casa contigua, que ocupaba a familia de Juan Gómez, e a súa sobriña, Vicenta Gómez, que saíra ó oír os berros dos veciños, recibiu dous tiros de posta (“*...y al tiempo de salir se le disparó un tiro por un hombre que estaba en el corral, y sintiéndose herida en el pecho izquierdo y en la cara, se retiró a su cama*”). O seu tío Vicente puido escapar por unha fiestra e foi en busca de auxilio. Ante as demandas de axuda acoden veciños de Insua do Baio, que se atopaba a unha distancia de “*dos tiros de fusil*”, e de Merlan, que distaba “*tiro y medio*”. A gavela logra escapar, abandonando na súa fuxi-



Arriba: Casas da Ínsua (O Freixo). Abaixo: Casa rectoral de O Freixo.

da parte do roubado. Sorpreñenos a mediocridade do botín. Da casa de Juan Gómez leváronse 22 reais e unha libra de tabaco. Menos parco foi o botín da casa de Vicenta Fernández; na que se fixeron con 40 reais, roupas, carne de porco e unto. Entre as roupas figuraban: “*un zagal de sempiterna, una mantilla de limiste, un justillo de pana, otro de picote de lana y lino del país, varios pares de medias de hilo, una camisa de lienzo, una terciá de paño de Segovia, un chaleco de catonia (sic), un ceñidor de lana, dos varas de somonte, una vara de Chinchón, un dengue, varios pañuelos de algodón y muselina, toallas de lino, una casaquilla de Segovia y un paraguas*”. Os ladróns non puideron ser capturados e os intentos por parte da autoridade de recuperar os obxectos resul-

taron infructuosos : “Y no habiendo sido conocidos los ladrones y malhechores, ni por los sujetos robados ni por los más que han concurrido, constituyendo a ello lo oscuro y lluvioso de la noche - del suceso, se proveyó que, a mayor abundamiento se expidieron requisitorios con inserción de las alhajas robadas, a los Juzgados del contorno del lugar del robo, siendo uno de ellos el indicado en que uno administra Justicia, y, por ver si por medio de sus mercados o de otro modo puede llegarse a conseguir alguna averiguación o noticia importante para ella”.

FONTES DOCUMENTAIS.

Arquivo Municipal de Pontedeume, Sección Causas e querelas criminais (1780-1870)

BIBLIOGRAFÍA.

COSTA CLAVELL, X.: *Romerías. Bandolerismo y otras jergas gallegas*, Ed. Xerais, 1974.

DE JUANA LÓPEZ, J. y PRADA RODRÍGUEZ, X.: *Galicia contemporánea. Historia de Galicia*
Ed. Vía Láctea, A Coruña 1996.

DURÁN, J.A.: *Crónicas /1, Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*,
Madrid, 1974.

GÓMEZ MARÍN, J.: *Bandolerismo, santidad y otros temas españoles*, Madrid, 1966.

LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX*, Edicións
do Castro, Sada.

LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego*, Ed. Xerais, Vigo.

SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa M^a: *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el
siglo XIX*, Deputación da Coruña, A Coruña 1977.